



Israel: un exemplo de produción de leite sustentable en condicións climáticas duras e cálidas

Neste artigo analizo os motivos que levaron a un país cunha industria láctea pequena como é a israelí a converterse nunha das líderes mundiais no que respecta á produción sustentable de leite.

Dr. Israel Flamenbaum
Cow Cooling Solutions Ltd, Israel

Israel atópase na conca oriental do mar Mediterráneo e caracterízase por un clima subtropical. O verán dura de xuño a outubro e caracterízase na maioría das rexións do país por

altas temperaturas e humidade acotío do día, pero sen choivas. A industria láctea israelí ten unhas 120.000 vacas que producen preto de 1.500 millóns de litros ao ano. A produción anual de leite por vaca é a máis alta do mundo e situouse en máis de 12.000 litros en 2021. Os pais fundadores da industria láctea deste país comezaron hai case cen anos a criar unha vaca adapta-

► A PRODUCCIÓN ANUAL DE LEITE POR VACA É A MÁIS ALTA DO MUNDO E SITUOUSE EN MÁIS DE 12.000 LITROS EN 2021



da ás condicións locais, utilizando un sistema de crianza local. Tamén entenderon que, por razóns climáticas, as vacas deben estar completamente confinadas, sen pastoreo e aprenderon a desenvolver métodos de alimentación que substitúen a falta de forraje de alta calidade con subprodutos agroindustriais e da industria alimentaria humana.

Cos anos e o progreso xenético na produción de leite, os produtores en Israel tiveron que desenvolver e implementar métodos avanzados para facer fronte á carga de calor a través do arrefriamento intensivo das vacas. Isto fai posible alcanzar os altos rendementos leiteiros, aínda dentro das limitacións climáticas e ambientais que existen no país. ►►



LO NATURAL ES DE SIEMPRE

A las vacas, ovejas, cabras o caballos, les gusta, como a USTED, comer verde, fresco y limpio.

MOTOSEGADORA RAPID siega con corte de hojas de cuchilla limpio, sin tierra, y lo deja hilerado, ida y vuelta en un cordón facilitando su recogida.

Desde siempre, alimentación natural y ecológica.

**¿Piensa usted de igual manera?...
...RAPID.**

Rapid

**MOTOSEGADORA
HILERADORA
Rapid Z**

**CASADO MAQUINARIA
AGRÍCOLA**

VIELLA - SIERO (ASTURIAS)

Tlf.: 985 79 29 20

administracion@casadomaquinaria.com

www.casadomaquinaria.com

CLAVES NA MELLORA DA SÚA INDUSTRIA

A industria láctea israelí é unha das líderes no mundo no que respecta á produción sustentable de leite, grazas aos seguintes motivos:

1. A falta de auga e a necesidade de rega para cultivar forraxe levou os agricultores israelís a purificar grandes volumes de augas residuais municipais (é líder mundial neste tema), así como a desenvolver métodos de rega que aforran auga, como a **rega por goteo** (un método desenvolvido en Israel).
2. A escaseza e o alto custo das forraxes de alta calidade levou os produtores de leite dese país a substituír parte deste ingrediente con sobras e **subprodutos da industria agrícola e alimentaria**, gañando así o dobre; por un lado, para aforrar e substituír o uso de parte da comida convencional e, polo outro, para aforrar en custos de transporte de materiais de refugallo para vertedoiros nas zonas desérticas do sur.
3. O alto custo da man de obra motivou o **desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas de manexo e control**, que permiten aforrar no investimento de tempo de traballo por litro de leite producido. Israel é líder mundial no desenvolvemento de sistemas de ordeño computarizados que inclúen a detección temperá de problemas de manexo e saúde e o seu tratamento en tempo real, unha forma máis de posibilitar a obtención de altos rendementos de leite por vaca.
4. O uso de medidas **intensivas para arrefriar vacas** no verán que se desenvolveron durante os últimos corenta anos en Israel permite unha redución significativa na diminución da produción de leite nesta tempada, como é o caso na maioría dos países cálidos e, recentemente, tamén en Europa e o norte dos EE. UU.

BENEFICIOS DA IMPLEMENTACIÓN DESTES MEDIOS

Os beneficios da implementación destes medios atópanse nos seguintes aspectos:

- Desde o punto de vista ambiental, canto maior é a produción de leite, máis a industria pode satisfacer as necesidades de leite do país con menos vacas e, por tanto, as emisións de

gases de efecto invernadoiro metano á atmosfera por litro de leite son menores.

- En canto á saúde das vacas, evitar que estean “en estrés por calor” fortalece o seu sistema inmunolóxico e reduce a morbilidade, especialmente no período crítico ao redor do parto, así como tamén reduce o número de animais que sofren de mastite. Máis aló da vantaxe económica que isto ten, pódese esperar un aforro no uso de medicamentos, polo aspecto positivo que isto ten desde o punto de vista económico e ambiental.
- Desde o punto de vista económico, a medida que o rendemento das vacas é maior e se requiren menos vacas para a súa produción, afórrase o alimento requirido para o mantemento destas vacas, e como resultado, o requirimento de alimento por litro de leite producido é menor, polo que os custos de produción diminúen.

CONCLUSIÓNS

A industria láctea israelí é pequena, pero sofisticada e moi eficiente ambiental e economicamente. O coñecemento e a experiencia adquiridos durante a produción de leite neste país apréndenos hoxe os produtores leiteiros de todo o mundo, especialmente os que proveñen de países “en desenvolvemento”, que tentan establecer granxas leiteiras en condicións difíciles, similares ás existentes en Israel.

Facer uso do coñecemento acumulado das 120.000 vacas en Israel polos 270 millóns de vacas leiteiras que existen hoxe no mundo e aumentar a produción de leite de cada “vaca mundial” en só un 10 % máis aló do que produce actualmente permitirá producir leite global cuns 30 millóns de vacas menos, por todos os beneficios ambientais e económicos que isto leva. ■

► O COÑECEMENTO E A EXPERIENCIA ADQUIRIDOS DURANTE A PRODUCCIÓN DE LEITE NESTE PAÍS APRÉNDENOS HOXE OS PRODUTORES LEITEIROS DE TODO O MUNDO



Expertos en seguros agrarios



**Seguros a medida con
prezos especiais**



comercial@ucoga.es

 881 155 155

